



BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA outubro – decembro 2019



1) República luminosa, de Andrés Barba



A aparición de trinta e dous nenos violentos de procedencia descoñecida trastorna por completo a vida de San Cristóbal, unha pequena cidade tropical encaixonada entre a selva e o río. Vinte anos despois, un dos seus protagonistas redacta esta crónica tecida de feitos, probas e rumores sobre os nenos que tomaron a cidade.

Inscripción e entrega: 25 setembro
1ª sesión e comentario: 16 outubro


2) La estratagema, de Léa Cohen



A caída do “Pano de Aceiro” cambiará moitas cousas en Bulgaria, sairán á luz segredos ocultos durante décadas, e os exiliados poderán regresar ao seu país e reencontrarse con aqueles de quen se viron obrigados a separarse. Un deses reencontros leva a Eva Marínova, unha xornalista de Sofía, a viaxar a Nova York seguindo a pista do seu pasado.

Entrega: 16 outubro
Comentario: 30 outubro


3) Liquidación de existencias, de Ramón Caride Ogando



“Liquidación de existencias” contén historias que aparentan estar collidas das rúas, ou das novas dos xornais. Tan asombrosas, tan aterradoras, tan cómicas e tan absurdas que abalan entre a empatía e o noxo. Talmente como a vida. O mundo como un inmenso Polígono Outlet no que todo está de saldo.

Entrega: 30 outubro
Comentario: 13 novembro

4) A flor de piel, de Javier Moro



O 30 de novembro de 1803, unha corveta parte do porto da Coruña entre aclamacións e aplausos. No seu interior viaxan vinte e dous nenos orfos cuxa misión consiste en levar a recentemente descuberta vacina da varíola aos territorios de Ultramar. Acompañaos Isabel Zendaí, encargada de coidalos.

Entrega: 13 novembro
Comentario: 27 novembro


5) La analfabeta, de Agota Kristof



Unha obra autobiográfica que sintetiza en once fragmentos, os once momentos fundamentais dunha existencia apaixonada. Un traxecto vital que describe primeiro a unha moza que devora libros en húngaro para logo dar a palabra a unha escritora recoñecida noutro idioma. Da infancia feliz á pobreza despois da guerra, os anos de soidade no internado, a morte de Stalin, a lingua materna e as linguas inimigas como o alemán e o ruso, a huída de Austria e a chegada a Suíza.

Entrega: 27 novembro
Comentario: 11 decembro

6) Hijos del ancho mundo, de Abraham Verghese



Unha historia apaixonante que segue aos irmáns Stone, nados nun hospital misionero de Adis Abeba. O relato esténdese a través da India, África e América ao longo de cinco décadas, creando así un gran fresco dun país descoñecido para a maioría como é Etiopía.

Entrega: 11 decembro
Comentario: 8 xaneiro